



Ferrol



Ferrol Vello
un paseo de
historia e vida

Ferrol



ESTAMOS EN FERROL VELLO, LA PARTE MÁS ANTIGUA DE LA CIUDAD. SU ORIGEN SE REMONTA A UN CASTRO MARÍTIMO QUE EVOLUCIONÓ HACIA UNA VILLA MARINERA ORGANIZADA EN TORNO A SU PUERTO PESQUERO. NADA SE CONSERVA DE AQUELLA ANTIGUA POBLACIÓN CASTREÑA EXCEPTO UNA DE SUS CALLES QUE AÚN SE CONOCE COMO RÚA DO CASTRO.

AQUELLA VILLA MEDIEVAL, CON PUERTO DE MERCANCIAS Y PESCA, APENAS SE DESARROLLÓ HASTA EL SIGLO XVIII, CUANDO LA CORONA ESPAÑOLA ESCOGIÓ ESTE PUERTO PARA ESTABLECER EL ARSENAL Y ASTILLEROS DE LA ARMADA POR LA PROTECCIÓN QUE OFRECE LA RÍA CON SU ESTRECHA BOCANA. FERROL PASA ASÍ DE SER UNA PEQUEÑA ALDEA MARINERA A CONVERTIRSE EN UNA GRAN CIUDAD INDUSTRIAL DE GALICIA. A DÍA DE HOY, EN EL BARRIO NO QUEDAN EDIFICIOS MEDIEVALES PERO SÍ SE MANTIENE EL PARCELARIO Y EL ENTRAMADO VIARIO ORIGINAL DE ÉPOCAS PASADAS.

PARA FERROL, LA BASE NAVAL Y LOS ASTILLEROS SIGUEN SIENDO PARTE DE SU IDENTIDAD, PERO NO PODEMOS OLVIDAR QUE AÚN QUEDA ESE FERROL PESQUERO Y PORTUARIO QUE SOBREVIVE EN EL FERROL VELLO Y QUE VAMOS A CONOCER PASEANDO POR SUS CALLES.

Imprescindibles

A Paseo da Mariña




B Igrexa do Socorro



C Igrexa de San Francisco



D Fonte da Fama




E Porta do parque do arsenal



F Sala de armas do arsenal



A ruta



1 Paseo da Mariña

2 Rúa da Mercé

3 Rúa do Carme de Curuxeiras

4 Rúa Benito Vicetto

5 Rúa San Francisco

6 Rúa do Rastro

7 Praza Vella

8 Rúa do Castro



Ferrol

Ferrol Vello

ESTAMOS NO FERROL VELLO, A PARTE MÁIS ANTIGA DA CIDADE. A SÚA ORIXE REMÓNTASE A UN CASTRO MARÍTIMO QUE EVOLUCIONOU CARA A UNHA VILA MARIÑEIRA ORGANIZADA ARREDOR DO SEU PORTO PESQUEIRO. NADA SE CONSERVA DAQUELA VELLA POBOACIÓN CASTREXA AGÁS UNHA DAS SÚAS RÚAS QUE AÍNDA SE COÑECE COMO A RÚA DO CASTRO.

AQUELA VILA MEDIEVAL, CON PORTO DE MERCANCÍAS E PESCA, APENAS SE DESENVOLVEU ATA O SÉCULO XVIII, CANDO A COROA ESPAÑOLA ESCOLLEU ESTE PORTO PARA ESTABLECER O ARSENAL E ESTALEIROS DA ARMADA POLA PROTECCIÓN QUE OFRECE A RÍA COA SÚA ESTREITA BOCANA. FERROL PASA ASÍ DE SER UNHA PEQUENA ALDEA MARIÑEIRA A SE CONVERTER NUNHA GRAN CIDADE INDUSTRIAL DE GALICIA. A DÍA DE HOXE, NO BARRIO NON QUEDAN EDIFICIOS MEDIEVAIS PERO SI SE MANTÉN O PLANO CATASTRAL E A MARAÑA VIARIA ORIXINAL DE ÉPOCAS PASADAS.

PPARA FERROL, A BASE NAVAL E OS ESTALEIROS SEGUEN A SER PARTE DA SÚA IDENTIDADE, PERO NON PODEMOS ESQUECER QUE AÍNDA QUEDA ESE FERROL PESQUEIRO E PORTUARIO QUE SOBREVIVE NO FERROL VELLO E QUE IMOS COÑECER PASEANDO POLAS SÚAS RÚAS.

Comezamos a ruta ollando á ría, un mar eternamente tranquilo que máis semella lago que océano. No **paseo da Mariña** ¹, onde vemos abarloados barcos de lecer xunto a outros de pesca, está a oficina municipal de turismo e

de atención ao peregrino e, case ao seu carón, un pequeno pero fermoso xardín, coñecido como o XARDÍN DA RA PEQUENA, pola fonte que o adorna cos seus golfinhos e ras, obra do artista local Xan Braxe.

O noso paseo comeza na beira do mar, bordeando a dársena, e podemos chegar ata a LONXA DE FERROL, onde descargan os mariñeiros a pesca do día para a poxa. Hai dúas ao día: ás 6:30 horas e outra ás 14:30 horas, ás que se pode asistir para ver as actividades e produtos que chegan do mar. O produto estrela é a ameixa, nas súas diferentes variedades: fina, babosa ou xaponesa, pero tamén hai protagonismo para os crustáceos, coma a centola ou a nécora, e para unha ampla oferta de peixe. A lonxa ofrécenos unha estupenda

P. ANTERIORES Praza Vella, Xardins de Herrera

PÁXINA OPOSTA Paseo da Mariña

ABAIXO Unha nena xogando na fonte do Xardín da Ra pequena





perspectiva da fachada marítima de Ferrol. Ben paga a pena deterse para gozar dela.

No noso camiño de volta ao paseo da Mariña, punto de inicio do percorrido, detémonos diante dun pequeno edificio racionalista. Trátase da antiga estación marítima de pasaxeiros, reconvertida no restaurante [A Maruxaina](#), que conta con opcións vexetarianas na súa carta e unha ampla terraza mirando á ría.

Xusto detrás, unhas escaleiras condúcennos ao [BALUARTE DE SAN XOÁN](#), onde se atopan os restos da muralla que se construíu no XVIII para protexer á cidade. Dende o xardín podemos apreciar as fermosas vistas do porto.

En fronte sitúase a [IGREXA PARROQUIAL DO SOCORRO](#), do século XVIII, época na que os ilustrados deciden reconstruír as antigas igrexas medievais de Ferrol ou constrúen outras novas xa en estilo neoclásico. No interior atópanse as veneradas imaxes da Virxe do Socorro e do Cristo dos Navegantes que saen en procesión durante a Semana Santa, Festa de Interese Turístico Internacional.

Aproveitando que estamos na beiramar, os amantes das aventuras acuáticas teñen moi

PÁXINA OPOSTA Aperitivo en A Maruxaina, coa Igrexa Parroquial do Socorro ao fondo

ARRIBA Baluarte de San Xoán



preto, na rúa do Socorro, a [Escola de Actividades Marítimas El Galeón](#), que, ademais de cursos de mergullo e navegación, pode organizarnos un chárter en barco ou clases de aquaskipper. En fronte, [Oliva Bar e Levar](#) recupera o sabor das vellas baiucas do porto, cunha oferta de comida caseira a base de produtos locais frescos.

No eido gastronómico, destaca o restaurante [O Camiño do Inglés](#), na achegada rúa Espartero nº 77, co galardoado xefe de cociña Daniel López á súa fronte. A súa proposta tradúcese nunha carta innovadora, na que harmoniza tradición e modernidade, incorporando produtos exóticos ás súas elaboracións.

Seguimos o paseo pola [rúa da Mercé](#) ² e atopámonos, pisando o seu chan empedrado de granito, con vellas vivendas que conforman unha amálgama de estilos e épocas. No cruzamento coa [rúa do Carne de Curuxeiras](#) ³ case sempre hai peregrinos a Santiago de Compostela. Tradicionalmente os viaxeiros xacobeos que facían o Camiño Inglés chegaban en barco dende Irlanda, Reino Unido e o norte de Europa a Ferrol, e dende o seu porto continuaban a pé ou a cabalo ata a tumba do apóstolo. Hoxe en día, xa non veñen en barco pero si comezan a ruta no porto de Curuxei-



ras, seguen por esta rúa e avanza, coma nós, cara á **rúa Benito Vicetto** 4.

Os amantes das postais ou de se levar algún recordo tradicional da cidade, poden atopar aquí un deses sitios especiais e con histo-

ARRIBA A Igrexa de San Francisco
ABAIXO Vista desde os Xardíns de Herrera



ria onde adquirir estes artigos. Trátase do único estanco que hai no barrio, situado no nº 15 da rúa Benito Vicetto. É o chamado **Estanco Nº 1**, o que nos dá unha idea da súa antigüidade. A súa licenza foille concedida en 1944 á viúva dun tripulante do cruceiro Baleares, unha das moitas que perderon ao seu marido ao afundirse o barco en 1938, en plena Guerra Civil. Esta terrible traxedia golpeou a numerosas familias ferrolás, ás que o goberno brindaría axuda para abrir negocios e superar así a precaria situación na que se atopaban.


Seguimos a ruta dos peregrinos e chegamos á **rúa San Francisco** 5, a principal deste

barrio. Varios locais como vermutarías, cervexarías, adegas e bar de tapas animan a rúa. Entre eles, cabe salientar **Josefa's Bar**, que actualiza os sabores de outrora ou o restaurante **Frank**, cunha cociña de mercado de gran calidade, elaborada e presentada cunha estética contemporánea.

O nº 40 está ocupado pola tinturaría **La Cubana**, unha empresa familiar onde os encargados son tintureiros de terceira xeración, expertos en limpar calquera tipo de pezas de roupa, dende os uniformes dos almirantes á graxa na roupa dos traballadores dos estaleiros.

Ao final da rúa edificouse a **IGREXA DE SAN FRANCISCO**, sobre o antigo soar onde estivo no seu día o convento e o templo fundados por

ARRIBA Porta do Parque do Arsenal Militar
ABAIXO Fonte da Fama



Fernán Pérez de Andrade a finais do século XIV. No XVIII, debido á necesidade de expandir a cidade pola chegada da Base Naval e da Armada, os ilustrados decidiron eliminar o convento e construír unha nova igrexa neoclásica para reconvertela en parroquia castrense. É curioso que na fachada deste templo falten as torres. O motivo foi que a Mariña impediu a súa edificación porque dificultaría a visión do novo proxecto construtivo que xamais se chegou a realizar. Finalmente, Ferrol quedou sen o novo proxecto e sen as torres da igrexa.

No interior do templo podemos admirar tallas do gran escultor do século dezaioito José Ferreiro. Entre elas, destaca a imaxe de **SANTA BÁRBARA**, patroa dos artilleiros e protectora contra as tormentas e os raios. Para a súa execución, o artista tomou como modelo a súa propia muller. Na pía bautismal da igrexa



recibiu Francisco Franco o primeiro dos sacramentos.

Ao carón da igrexa de San Francisco atópanse os XARDÍNS DE HERRERA, entre o nobre edificio do parador de turismo e a actual sede do Arquivo Naval. Aquí podemos gozar do mellor miradoiro con vistas á ría, ao arsenal e aos estaleiros. No centro eríxese o MONUMENTO AO BRIGADIER CHURRUCA, que faleceu en combate na amarga batalla de Trafalgar, fronte ás tropas do almirante Nelson, en 1805. Ao seu lado sitúase a ESCULTURA DO MARQUÉS DE ENSEADA, obra de César Lombra, en homenaxe ao grande impulsor do Arsenal de Ferrol no século XVIII.

Dende os xardíns accédese ao MUSEO DA SEMANA SANTA DE FERROL, onde se pode des-

PÁXINA OPOSTA Sala de Armas do Arsenal
ARRIBA Boleros na Taberna Puerto Chico
ABAIXO Praza Vella



cubrir a variedade e a riqueza das imaxes e obxectos propios desta celebración, declarada Festa de Interese Turístico Internacional.

Seguimos a ruta pola **rúa do Rastro 6** e chegamos á **praza Vella 7**, onde nos recibe a **PORTA DO PARQUE DO ARSENAL MILITAR**, unha entrada monumental ao complexo castrense, realizada no século XIX e inaugurada con motivo da visita á cidade da raíña Isabel II en 1858. Alí está sempre apostado un infante de mariña, vixiando a entrada na que campaa un magnífico escudo de Filipe V. Se nos achegamos, podemos ver a antiga fonte da Fama, que data de 1786, hoxe reconvertida en monumento, na que se representa unha figura alíxera portando dúas trompetas que representan a verdade e a mentira, alegorías da boa e da mala fama.


Nas inmediacións do arsenal hai un fermoso edificio modernista de color vermello que alberga a Taberna Puerto Chico. Alí podemos



xantar, ou mesmo mellor, cear bos produtos da ría, xa que durante a fin de semana, a última hora, adoitan amenizar a velada con música de boleros. O local está decorado con instrumentos musicais e elementos mariñeiros que fan clara referencia ao amor pola música e ao tipo de comida que se ofrece.

Dirixímonos xa rumbo ao porto e vemos a imponente construción da antiga SALA DE ARMAS DO ARSENAL, un edificio de estilo neoclásico que se atopa dentro da Base Naval pero que é visible dende a rúa. Hoxe funciona como residencia militar e é un bo exemplo do deseño ilustrado do enxeñeiro Francisco Llobet e do arquitecto Julián Sánchez Bort, que pretendían amosar o poder real sen descoidar a súa funcionalidade, unha idea moi típica do pensamento racionalista do momento.

Ao chegarmos de novo á dársena de Curuxeiras o ideal é sentarse a gozar da paisaxe



dende unha das moitas terrazas que temos nas cafetarías do paseo da Mariña.

Na achegada **rúa do Castro** ⁸ abriu en 1962, cunha decoración mariñeira e vencellada ao fútbol, a *Taberna Anca*. O seu fundador foi o futbolista do Deportivo da Coruña Alfonso Fernández Anca, que convertería este local en punto de encontro do barrio. O prato estrela é o choco na súa tinta, pero calquera das súas propostas nos permite saborear os produtos da ría frescos e preparados ao estilo tradicional.

E se queremos seguir coñecendo Ferrol e o seu mar, podemos subir nun dos barcos que fan cruceiros pola ría, con saída dende o peirao de Curuxeiras, porque o Ferrol Vello e o seu mar van xuntos dende os seus inicios e non se pode entender o un sen o outro.

ARRIBA Detalle dunha embarcación no porto

ABAIXO Chocos na taberna Anca

PÁXINA OPOSTA Peirao de Curuxeiras

Cruceiros pola ría de Ferrol e travesía a Mugar dos

Estas dúas actividades permítenos coñecer Ferrol dende o mar, navegando pola súa ría. O cruceiro pola ría dura unha hora e comeza e remata no porto de Curuxeiras. A travesía a Mugar dos realízase nunha embarcación que nos leva e trae a esta vila pesqueira situada xusto en fronte de Ferrol, na outra beira da ría, onde é tradicional degustar o polbo preparado segundo a receita propia do pobo, «á mugar desá».

O Parque Raíña Sofía e Aquaciencia

Aproveitando que estamos preto, aínda que saíndo un pouco do Ferrol Vello, podemos achegar ao PARQUE RAÍÑA SOFÍA, a entrada do cal vemos xunto a un marabilloso edificio modernista, o CHALÉ ANTÓN, realizado en 1916 polo xenial arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro.

O parque convida a pasear e a relaxarnos entre estatuas de ilustres persoeiros, fontes e pavóns que campan con toda liberdade por todo o recinto. Ademais, na parte alta, agárdanos AQUACIENCIA, un parque didáctico sobre a auga no que grandes e pequenos se poden divertir probando diferentes experimentos e maquinaria movidos polo auga. A

entrada é gratuíta e está aberto tódolos días da semana, agás os domingos e os luns.

O Arsenal Militar

Realizar unha visita guiada ao ARSENAL MILITAR é unha boa opción para acceder á Base Naval, que só abre ao público para este tipo de actividades ou en ocasións especiais en xornadas de portas abertas. Alí podemos ver

PÁXINA OPOSTA As Meninas de Canido son unha innovadora experiencia de arte contemporáneo ao aire libre
ABAIXO Os cruceiros pola ría de Ferrol saen do porto de Curuxeiras



Outras guías relacionadas



os edificios e instalacións neoclásicas do século XVIII que arrodean unha magnífica dársena onde están atracados os buques máis modernos da Armada española. Normalmente, estas visitas guiadas prográmanse no verán, Semana Santa e nalgunhas pontes. Para

ARRIBA Chalet Antón

ABAIXO Fonte Wallace do Parque Raíña Sofía

máis información, pódese acudir á oficina de turismo do porto, no paseo da Mariña.

O Barrio de Canido

No limítrofe barrio de Canido podemos gozar das MENIÑAS, unha innovadora experiencia de arte contemporánea ao aire libre. Todo comezou cando o artista Eduardo Hermida decidiu pintar unha das fachadas dunha casa en ruínas. Posteriormente, fóronse sumando á iniciativa outros creadores, mesmo internacionais, seguindo sempre como tema o cadro das Meniñas de Velázquez. Este proxecto, ademais de revitalizar o barrio, converteuno nun gran museo ao aire libre, que cada ano medra coa incorporación de novas obras en fachadas de casas, en murañas, en medianeiras o en contedores. Todo serve de lenzo para este grande espazo de arte.





გაღივიზ